



DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto	: aprobación proxecto obras
Órgano competente	: alcaldía
Obra	: instalación térmica de edificio multiusos no Concello de Santa Comba
Memoria/Proxecto	: proxecto de instalación térmica de edificio multiusos del Concello de Santa Comba
Procedemento contratación	: aberto simplificado. Art. 159 LCSP
Valor estimado	: 83.099,64 euros
IVE (21%)	: 17.450,92 euros
Orzamento base licitación	: 100.550,56 euros
Duración/Prazo execución	: tres (3) semanas (21 días naturais)
División en lotes	: Non
Código expediente axuda	: 2023/A008/000022
Código expediente	: 2023/C003/000008
Plan	: Fondo Adicional ao Fondo de Cooperación Local (PR486B)

Visto o expediente de solicitude dunha axuda realizado ao abeiro da convocatoria pola que se establecen os criterios e os procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, e

Visto o expediente que se instrúe para a contratación das obras comprendidas no proxecto denominado "Proxecto de instalación térmica de edificio multiusos del Concello de Santa Comba", cun valor estimado de 83.099,64 euros e 17.450,92 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 100.550,56 euros; cun prazo de execución de seis (6) semanas (42 días naturais); e atendendo os seguintes

CONSIDERANDO E ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Orde do 9 de febreiro de 2023 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (código de procedemento PR486B). (DOG núm. 34, do venres 17 de febreiro de 2023).

Segundo.- O Decreto de alcaldía núm. 382/2023, do 17 de marzo, polo que se solicita á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia unha subvención ao abeiro da Orde do 9 de febreiro de 2023 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, para as seguintes actuacións:

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN	ORZAMENTO	CANTIDADE SOLICITADA
Nova rede de abastecemento de auga potable desde San Cristobal hasta la AC-400. Santa Comba. Fase 2: abastecemento Outeiro e Tapia	47.577,49 €	47.577,49 €
Melloras eficiencia enerxética caldeiras de biomasa en: Multiusos, Pabellón de Deportes e Campo de fútbol	198.897,72 €	198.897,72 €

Terceiro.- Respecto da solicitude presentada polo Concello de Santa Comba, as memorias valoradas así como os correspondentes orzamentos presentados son como se indican a continuación:



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN	ORZAMENTO TOTAL
Liña 3: Nova rede de abastecemento de auga potable desde San Cristobal hasta la AC-400. Santa Comba. Fase 2: abastecemento Outeiro e Tapia <i>O orzamento desta actuación refírese soamente á execución das obras que forman parte da actuación presentada, e non inclúe gastos de honorarios por redacción de proxectos/memoria nin gastos de honorarios por dirección de obra</i>	47.577,49 €
Liña 1: Melloras eficiencia enerxética caldeiras de biomasa en: Multiusos, Pabellón de Deportes e Campo de fútbol Desglose orzamentario por actuacións presentadas nesta liña 1: - Mellora eficiencia enerxética caldeiras biomasa en multiusos : 100.550,56 € - Mellora eficiencia enerxética caldeiras Pavillón deportes Fontenla : 44.870,03 € - Mellora eficiencia enerxética caldeiras Campo de fútbol Fontenla : 39.492,15 € - Honorarios de redacción memorias valoradas/proxectos (das 3 actuacións) : 6.992,49 € - Honorarios de dirección de obra das (das 3 actuacións) : 6.992,49 €	198.897,72 €

Cuarto.- A resolución do 29 de maio de 2023 da Directora Xeral da Administración Local (por delegación do Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes), notificada a este concello de Santa Comba a través da plataforma Notifica.gal e aberta dita notificación con data de 30 de maio de 2023, pola que se resolve asignarlle a este concello de Santa Comba as achegas que se especifican na seguinte relación:

LIÑA	Actuación	Orzamento	Importe da achega
Liña 1. Investimentos destinados á mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais	Melloras eficiencia enerxética caldeiras de biomasa en: Multiusos, Pabellón de Deportes e Campo de fútbol	198.897,72 €	140.000,00 €
Liña 3. Investimentos destinados á modernización e a mellora das redes de abastecemento municipal	Nova rede de abastecemento de auga potable desde San Cristobal hasta la AC-400. Santa Comba. Fase 2: abastecemento Outeiro e Tapia	47.577,49 €	46.000,00 €

Quinto.- O decreto de alcaldía núm. 817/2023, do 09 de xuño, co "asunto: aceptación axuda Fondo Cooperación Local", e polo que se resolve, entre outros, aceptar a subvención concedida; e que pola intervención municipal se proceda á realización dos documentos administrativos e contables para a xeración de crédito correspondente e posterior realización da Retención de Crédito (RC), segundo o cadro de financiamento seguinte e de acordo aos conceptos de gasto recollidos na táboa do antecedente número 3:

LIÑA	ESTADO	XUNTA DE GALICIA	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	FONDOS PROPIOS
Liña 1	0 €	140.000,00	0 €	58.897,72 €
Liña 2	0 €	46.000,00	0 €	1.577,49 €
Total	0 €	186.000,00 €	0 €	60.475,21 €

Sexto.- Consta no expediente o proxecto denominado "Proyecto de instalación térmica de edificio multiusos del Concello de Santa Comba", de data de agosto de 2023 (asinada electronicamente con data de 11/08/2023), elaborada polo enxeñeiro industrial Juan José Seoane Ferreiro, número colegiado 1263



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

do ICOII Galicia, cun valor estimado de 83.099,64 euros e 17.450,92 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 100.550,56 euros; cun prazo de execución de tres (3) semanas (21 días naturais).

Consta no expediente acta de replanteo previo, de data de agosto de 2023, asinada polo redactor do proxecto, na que indica que *“Que se ha procedido a la comprobación, tanto de la realidad geométrica del entorno de ubicación en relación a la obra proyectada, como de la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución, apreciándose su correspondencia y siendo factible llevarla a cabo en cuanto a sus dimensiones y relaciones geométricas, así como respecto a cuantos supuestos figuran en el proyecto elaborado, haciéndose constar que con la información recabada no existen servidumbres aparentes que condicionen su viabilidad”*.

Sétimo.- Que consta no expediente informe técnico municipal ao proxecto, asinado pola arquitecta da oficina municipal de urbanismo con data de 22 de setembro de 2023, e no que indica, entre outros, segundo se transcribe:

“O documento técnico mencionado de Instalación térmica en edificio multiusos cumple coa lexislación técnica, urbanística e do PXOM en vigor e considérase suficiente para a licitación das obras”.

Oitavo.- Autorizacións sectoriais: Por último, á vista do citado informe técnico á memoria, emitido pola técnica externo municipal con data de 22 de setembro de 2023, non se precisa de autorizacións sectoriais para a execución das obras.

Noveno.- Que existe consignación orzamentaria suficiente na partida 151.62300 do estado de gasto dos orzamentos municipais en vigor para o exercicio 2023, segundo se acredita co documento contable de retención de crédito, emitido polo interventor municipal con data do 04/07/2023, asinado electronicamente con data de 04/07/2023, pola que certifica a existencia de saldo de crédito polo importe de 108.155,22 euros para as obras de referencia (dito RC inclúe gastos de redacción de memoria/proxecto así como gastos de Dirección facultativa das obras de referencia).

Á vista do anterior, ao abeiro da Disposición adicional segunda e artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obras contido no expediente, denominado “Proyecto de instalación térmica de edificio multiusos del Concello de Santa Comba”, de data de agosto de 2023 (asinada electronicamente con data de 11/08/2023), elaborada polo enxeñeiro industrial Juan José Seoane Ferreiro, número colexiado 1263 do ICOII Galicia, cun valor estimado de 83.099,64 euros e 17.450,92 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 100.550,56 euros; cun prazo de execución de tres (3) semanas (21 días naturais).

Segundo.- Declarar a non procedencia de división en lotes do obxecto do contrato (as obras comprendidas na memoria de referencia), xa que logo e de acordo co establecido no epígrafe b) do punto 3 do artigo 99 da LCSP 9/2017, considéranse motivo valido aos efectos de xustificar a división en lotes “o feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico”.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao Concello Pleno na vindeira e inmediata sesión ordinaria que se celebre.

Santa Comba *(na data que se indica na sinatura electrónica deste documento)*

O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada